

# 1

Antón gustaba de andar polos montes de Estevo, calado, sen asubiar coma os outros rapaces, vendo a auga discorrer polos regos, na compañía do seu canciño Fuco, un ser metade can, metade outra cousa: un dragón, unha cóbrega de auga, algún animal deses que só saen nos contos. Antón era un rapaz pechado en si mesmo, case mudo, que só movía os beizos para abraiarse cunha bolboreta que se pousaba nunha flor, ou para ollar as follas das árbores movéndose polo vento abafante de xullo. O seu cabelo era tan fino como o fío dunha araña, louro, e tiña o corpo esguío e desproporcionado: as súas pernas eran curtas, pero o tórax era amplo coma o dun xigante pacífico. Todo el semellaba un boneco de madeira movido por un *demiúrgo* somnolento. Xa levaba unha hora por esas corredeiras que coñecía tan ben, nas que antes adoitaba xogar co seu amigo Vítor, ese rapaz que marchara cos seus pais para Vigo, deixándoo sen xogos, mergullado nun encoro de indiferenza. E diso xa pasara un bo anaco de tempo: dous meses, seis meses: Antón aínda non sabía ben que era iso do tempo. Non lle gustaba o tempo pois non era capaz de medilo con precisión. Unha vez regalaranlle un reloxo deses de pulseira, dixital, un

*Casio* barateiro, comprado aos negros na feira dos mércores. En Estevo ningún rapaz levaba un reloxo deses, e quizais por iso Antón o gardou nun caixón e nunca máis o levou posto, temendo que llo quitasen ou simplemente que o envexaran. Algunha vez abría o caixón para ver se o aparello seguía alí, se o tempo seguía marchando, se os instantes non lograran escapar a outra parte. E poida que por causa desas cousas do tempo, ás veces, nos seus paseos, víñanlle ideas que antes nunca sentira, anacos de pensamentos que non comprendía. De súpeto, pensaba en cabezas de animais, en cans esnaquizados por coitelos suxeitos por mans que non estaban unidas a corpo ningún, no paso do tempo que era un furacán que caía nun remuíño, en bonecas iguais ás de súa curmá pequena, Auroriña, atravesadas por paus rematados en alfinetes, ou pendendo das árbores, coas testas mirando a ningures; tamén pensaba en corvos que mordían nos plásticos de vertedoiros nos que a xente deixaba lavadoras, pernas, ollos, coxas, beizos que xamais bicaran a ninguén, ou talvez só os animais descoñecidos que non se deixaban ver nin sequera pola noite.

Antón, enfurruñado e pensativo, pasaba neses intres pola casa de Xaquín, ese home a quen seu pai lle advertira que nunca lle falara, que se afastara, pois era un tolo, un home malo e perverso, un ser que gardaba segredos. Antón, cando era máis pequeno, facía caso do pai, e cando Xaquín pasaba a carón da súa casa de camiño á taberna en fronte da igrexa, pechaba as fiestras e púñase de xeonllos a rezar a algunha desas virxes que parecían sufrir éxtases doentes, enmarcadas nesas estampañas que súa nai lle puña no cabezal da cama para evitar o mal de ollo, que na familia xa estragara a vida

de seu tío Xosé, ese do que nada sabían, ese que desaparecera traballando alá en Vitoria en Deus sabe que, aquel que fora mariñeiro, pero se emborrachaba e andaba polas rúas de Vigo coma un perdido, e que tentara deixar o alcohol marchando o máis lonxe posíbel do mar, pero algo debía ter na testa, unha vea rota, el non tiña culpa ningunha, en palabras de súa nai, e non tivo arranxo.

Era unha xornada clara, calada, sen paxaros nas árbores, sen cheiros. E mesmo o vento calara de súpeto, como se unha presenza máis poderosa que el mesmo o ameazase e tivese que fuxir. Cousa estraña lle parecía a Antón, pois nese tempo xa se debía notar o cheiro a podre das amoras nas silveiras, o rebumbio do vento nas pólas, o estertor na natureza morta do verán. O seu can con ollos de dragón camiñaba como se levase a morte encravada na mirada, da mesma maneira que se estivese a seguir a un anxo cego e negro que devese por volver ao seu inferno do que un díaño máis forte o botara. Antón pensou que quizais o can estivese enfermo. Só lle daban de comer as sobras do almorzo, coma a todos os cans da parroquia. Outra cousa era en Lenzo, no centro da vila, con eses pisos tan altos, con toda esa xente que mercaba nos supermercados comida para can e que posuían gatos aos que lles limpaban con toallíñas o cu, gatos que moitas veces tiñan de nome “Ministro”, “Zorin” “Uve”; nomes que a Antón nin se lle ocorreran que existisen. De feito, o seu gato nin sequer tiña nome. Era un deses gatos de ninguén que fora parar á súa horta. Un día, Antón deixáralle unhas espiñas, e así outro día, e outro día, ata que decidiu quedar. Pero aínda así súa nai non dicía que o gato fose deles, e non lle permitía

estar na casa, tan só deixáballe comer as espiñas do peixe que mercaban ao peixeiro de Bea, ese que no verán espertaba a Antón co barullo da bucina da súa furgoneta co que chamaba aos veciños ás oito da mañá para que lle mercasen o peixe, un peixe que a Antón sempre lle parecera podre e amarelo, traído de moi lonxe, de mares afastados. E como no interior de Galicia non se consumía tanto peixe como na costa, o gato de Antón pasaba moita fame, e tiña que buscar no lixo dos veciños, pero seica non tiña moita sorte, e por iso andaba esfameado e triste, sen poder miañar, sendo un ser condenado ao silencio, igual que o seu dono.

Antón seguiu camiñando entre as silveiras. Xa estaba afeito a que os pinchos lle rabuñasen as pernas. Non tiña medo do sangue. Os seus xeonllos mostraban os sinais de moitas feridas: feridas feitas no monte, no asfalto da estrada que pasaba preto da súa casa; ou feridas dos paus cos que os escasos nenos cos que xogaba ás veces lle bateran. Pero Antón sempre calaba, nunca choraba. A última vez que unhas poucas bágoas esvararan polas súas fazulas foi na “guerra do mexo”, o verán pasado, cando os rapaces se enfrontaron e estiveran a se guindar botellas de plástico sen tapón cheas de mexo no campo de fútbol de Faldubeiras, non moi lonxe, preto da igrexa, ata que o cura don Senén se decatou e mandou chamar a Marcos o da taberna, o pai dun dos nenos, quen bateu de tal maneira no fillo que durante días non foi á escola, porque o pai tiña medo que unha desas mestras de cidade que falaban en castelán e que se metían en todo o denunciase por maltrato; unha desas –en palabras del– feministas de nariz chato, cheiro a igrexa, do PSOE, unha amargada que non fodera desde había dez anos.

Antón chegou preto do regato onde, ás veces, se paraba a beber esa auga fría que viña por debaixo da terra, desas minas de auga, das que tiña que coidarse, contaban historias de xente que caera nelas, pois o chan desaparecera baixo os seus pés. Alí se dicía que a terra era mol, semellante ás babas do diaño. Pero o que máis medo lle metía eran as historias que lle contaban algún deses rapaces maiores, de catorce ou máis, que dicían que eles engadaban os seus inimigos, servíndose deses buracos coma gaiola, e que as minas estaban cheas de rapaciños que collían nas vilas, aqueles rapaces que se atreveran a desafiar o seu poder. Antón preguntábase que comerían alá abaixo, pero despois pensou que era parvo, pois eses rapaces como moito aguantarían alá abaixo unha semana, aínda que na televisión falaban dun home que estaba na cadea, en folga de fame ou algo así, que levaba trinta días sen comer nada; un home con cara de pantasma, sen carne baixo a pel, todo ósos, que dicían que era moi malo, que matara xente, que formaba parte dos GRAPO, e ademais era de Vigo, pero eses pensamentos esvaecían na súa mente, e eran suplantados por outros, e entón víñalle á testa o colexio, os *clips* e alfinetes cos que algúns compañeiros de clase se perforaban a man, e como logo todos rían; e as mozas, as compañeiras, non podían crer o que vían os seus ollos, e algunhas chamaban a profesora, porque todo iso lles daba moito medo, un medo mesturado con risadas; e pensou en Toño, ese que se baixaba a petrina e a sacaba, aínda que non se lle vía, pois puña a man diante e facía como se estivese a se *facer unha palla*, e algúns dicían que a facía de verdade, e as mociñas veña a tapar os ollos. “Como se non soubesen diso”, pensaba Antón, coa ansia debuxada nos ollos.

Escoitouse un son familiar, unha detonación atenuada. Pero, cousa estraña, os paxaros nin a sentiran e non moveron nin unha á, como se fosen deuses pequerrechos e desprovistos de vida que alguén deixou alá no alto das pólas de cor semellante a coiro queimado. Antón era coma os paxaros, indiferente, calado, quedo igual que os mortos do cemiterio.

Despois pensou en Pinto. Quizais fose un disparo da súa escopeta, unha arma que a Garda Civil lle quixo retirar, pero non se sabía por que ao final non o fixo. Pinto era home ao que botaran da casa os do Xulgado, unha chabola no medio do monte, pola que pagaba de aluguer dez mil pesetas ao mes a un anónimo que, segundo dicían, estaba na cadea por cousas desas da droga. Agora o Pinto disque vivía no monte, cazando paxaros coma un tolo, pois algo tiña que botar á boca. Antón nunca tivera problemas con el e iso que pasaba diante da súa casa moitas veces.

Outra vez repetíanse eses tiros de escopeta, pero Antón ignorábaos e ollaba o ceo toldado, semellante ao dun cadro, cunha aparencia de irrealidade; máis ben era un rapaz que quedaba pasmado con outro tipo de cousas: cos chuchameles e o seu arrecendo, cunha bandada de estorniños no ceo, ou cando súa avoa muxía a súa vaca Toura. Neses intres quedaba coa boca aberta, soprando o beizo superior (cun aceno que só os rapaces ignorantes ou os tolos poden debuxar na súa cara). Facía ese xesto para sentir os peliños que lle crecieran enriba do labio e que de alí a un tempo se transformarían nun bigote que tería que afeitarse; unha vez xa o tentara coa máquina coa que súa nai se afeitaba as pernas, pero deixou o

sinal húmido dos cortes nela. Súa nai decatouse daquilo. Castigouno. Antón non comprendía por que o castigaba, como se fixese algo moi mal. Mais xa non se lembraba ben do castigo que lle impuxera.

Antón viu un lugar onde as árbores e a maleza esmorecían un pouco, un lugar que daba arrepió, pois parecía que alí se acubillaban as sombras de criaturas malditas. Ata alí se dirixiu o neno, como un explorador experto e valente. Antón devecía por acender un deses pitos que lle dera o seu compañeiro de escola Alberte, ese raparigo que xa andaba ás mozas, *morreaba*, e iso que tiña a mesma idade que Antón, doce anos, e ata dicía que lle “fixera un dedo” á porca de Lucía, esa da que falaban que “todos a fodían”, pequenos e maiores, os do Colexio ou os do Instituto de Lenzo, os de BUP. Antón esa parte non a cría, pero que un rapaz tivese esa facilidade para bicar as mozas non deixaba de abraialo, a el, que nunca tal fixera, e que cría que non o ía lograr ata os dezaseis ou máis.

—Merda —dixo, mentres acendía como podía o pito co mixto engurrado e noxento que apañara do chan esa mañá na coíña da súa casa.

Recordou cando saíu da casa: “Non fagas mal!”, berráralle a nai ao velo marchar pola porta, calado coma un morto, con esa mirada lánquida que se lle puña cando non tiña que facer, cando o aburrimiento e a falta de amigos lle esmorecían o ánimo.

Alí, sentado nunha pedra que parecía que xa tiña a forma do seu cu de tantas veces que alí se pousara, nese círculo arre-

piante no medio do monte, seguía a escoitar os disparos de escopeta de Pinto (pois ese debía ser), o home que estaba mal da cabeza, ese que cando bebía dúas ou tres cuncas se puña coma un tolo, veña chamarlle putas ás nenas, veña ameazar os veciños; pero ninguén facía nada, pois o Pinto parecía deses de moito falar pero despois nada. Antón non tiña cousa ningunha na súa contra. Toda a aldea lembraban un Pinto que non se emborrachara, gran traballador, pouco amigo da troula. Pero todo mudou cando a súa muller o deixara soíño. Din que a viron en Vigo, e que andaba cun deses que nin se sabe se son homes ou se son mulleres. Pinto respondía, cando lle preguntaban pola súa muller, que morrera de tifo, que por iso xa non andaba con el, pero ninguén entendía que demo quería dicir con iso. Xa non se morría de tifo nese tempo, que eran os días das Olimpíadas de Barcelona, pero Pinto non sabía nada desas lérias. Era un home desposuído. Por non ter non tiña nin televisión, só unha escopeta, e durmía no monte, e case se esquecera de como se falaba, como articular as palabras; e cando o tentaba, botaba un cuspe denso igual ao chumbo líquido.

Antón fixouse nunha bolboreta grande coma un puño, bonita coma un cristal de cores, estraña coma o sabor que probara das bragas da súa curmá Jessica, a irmá de Floriña, unha semana que tivo que durmir na súa casa, cando Antón aproveitara para lle revolver na roupa. Non era algo que tivera planeado. Xurdiu sen máis. Antón nos días seguintes adoitaba cheirar esas braguñas de lunares e despois enredabaas na pirola, pero non lle saía nada, non coma o Muradás, que mangallón de Liñares, que vaia se lle saía. Iso, abofé que



era verdade, pois tal viran os ollos de Antón, alá na carballreira, cando algúns rapaces levaron bebida e ata houbo un que quedou sen sentido polo bébedo que ía. Entón o mangallón de Muradás baixara os pantalóns que lle cinguían o cu coma a unha desas mulleres que din que son putas, así alguén llo dixo, aínda que Antón non entendera ben o que quería dicir, e sacouna e comezou arriba e abaixo ata que puxo os ollos en branco e entón botouno todo. Antón, por moito que o tentaba, nada. Ata ese intre non sabía como era ese líquido, e mesmo dubidou da súa existencia. Mais seguía a o tentar, e aínda que non se lle escapaba nada, era algo que lle resultaba agradábel e lle gustaba facer antes de botarse a durmir, pois quedaba cansadiño deseguida e xa non se lembraba de nada, caendo de cheo nun soño limpo, sen desexo, en branco.

Antón ollaba esa bolboreta da cor cinsa, unha bolboreta demasiado grande para o hábitat galego. Máis ben semellaba unha bolboreta dun país afastado e quente, un lugar onde de seguro habería máis nenas ás que bicar, nenas de pel escura e beizos acesos. Achegouse un pouco. Esa bolboreta non debería estar aí, iso ben se vía. Alguén a deixara. Tratábase dunha anomalía. Nunca vira tal. A bolboreta moveu as ás presentindo un perigo. Aínda así non fuxiu. Parecía estar afeita a presenza de xigantes. Antón fixouse máis de preto nas ás cinsentas e amarelas e percibiu o estampado disonante e estraño como se estivesen pintadas por un artista adicto ao opio e que perdera o xuízo. De súpeto decatouse que aquilo que vía nas ás da bolboreta era unha caveira que parecía espreitar todos os seus movementos. Antón retrocedeu, pero máis que medo sentía

fascinación. Tentou pousar o bicho nos seus dedos, pero este se movía como querendo fuxir dese xigante descoñecido que quería tocalo. Aínda así evitaba saír voando, polo que Antón pensou que a bolboreta, en realidade, non lle tiña medo e que quizais xa vira as súas pernas rabuñadas por alí, e poida que a bolboreta fose unha persoa, alguén atrapado por un arrepiante feitizo. Por iso nas súas ás estaba pintada a caveira dunha persoa; ou mesmo podería ser que a bolboreta fose un home morto, e esa era a testa descarnada desa persoa. Antón pensaba tales cousas con naturalidade, e non tiña medo de dicirlas aos demais. Entón súa nai alporizábase, nunca cousa tal escoitara, e o rapaz non entendía nada do que lle dicían, e, ademais, como suspendera na escola levaba labazadas por calquera motivo, e súa nai botáballe a culpa dos suspensos a andar a pensar nesas cousas. Quedáranlle matemáticas e lingua castelá (como quen di todo o curso), polo que todas as tardes tiña que acudir á pasantía que daba Trini, que estudaba para veterinaria ou algo así. Trini era unha muller cos meirandes peitos que vira xamais. “O ben que se debe estar aló”, pensaba Antón, “acariñándoos, lambéndoos do mesmo xeito que se fosen larpeiradas. De seguro que se a metese aló dentro, entre os dous, me saía sen problema”.

Nese momento os tiros de escopeta pararon. Máis que acougar, a Antón ese silencio inquietouno. Non se escoitaba nin un paxaro morrendo. Había un silencio que abafaba, as follas das árbores tremían un pouco, coma se o medo se instalara no bosque despois dos disparos e o espírito que se escondía tras a vexetación estivese agardando a aparición dunha sombra descoñecida.

Antón secou coa man a suor. Puxérase quente pensando en Trini, esa moza de vinte e dous, quen a pillara. De seguro que tiña moitos mozos, e que xa o fixera, e non só iso, moitas máis cousas. Seguro que era experta en lambela. Esas cousas que se contaban que facían as mulleres, aínda que non era capaz de crelo de todo. Antón baixouse os pantalóns e comezou. Alí se estaba cómodo, sobre a herba quente. Despois podería beber unha pouca de auga no regato, aínda que só había un fio. Era ese un verán demasiado ardente. Sempre que facía esas cousas tiña a sensación de estar cometendo un asasinato, e un arreguizo posuía por uns instantes. Mentres se esforzaba, ollou de novo a bolboreta que non marchara, que parecía espreitalo; un bicho que de seguro escondía algo. De socalto, no intre en que culminaba, Antón parou. Semellaba que vira unha pantasma. A bolboreta gardaba un segredo. Estaba pousada nun túmulo de cor ocre, no cal non reparara ata ese intre. Era un montículo con forma de polvorón deses que tanto noxo lle daban e que lle obrigaban a comer no Nadal, pero que Antón cuspía cando non o vían, pois non lle gustaba o cheiro, nin o sabor, nin o que dicían deles. De súpeto, viu unha imaxe á testa que o deixou sen forzas. Antón, sentindo un frío fondo e antigo, ergueuse como puido, subiu a petrina, e deu uns pasos atrás. Tropezou e mancouse, pero outra vez se puxo de pé, para se perder na frondosidade do bosque, sen sentir os golpes nos xeonllos causados polos troncos de eucalipto que cortaran recentemente, sen notar a trabada dos toxos nas pernas, sen deterse por nada.

## 2

Non era a noite do inspector Ribeiro. Os seus ollos eran espirais de derrota, nós ardentes que tentaban atopar un simple erro, unha debilidade que aproveitar nas facianas dos seus contrincantes. Mais non era doado. Os demais xogadores eran como estatuas sen ollos que nada dicían, autómatas de movementos perfectos. Estaba a perder unha fortuna diante do Bocoí de Salceda, un tipo do que dicían que matara o seu irmán a marteladas, sen un motivo aparente, cando era un rapaz. Quen sabía a causa? Calquera cousa. Asuntos de rapaces. Despois duns minutos, os outros xogadores enfilaron a porta. Semellaban pantasma buscando unha dimensión máis apracíbel. Tan só se podía distinguir entre o fume dos cigarros as figuras perplexas de dous tipos que Amador Ribeiro nunca antes vira nesa partida estraña da rúa Venezuela, nesa casa vella enriba da Comisaría onde Ribeiro estivo destinado tantos anos. Tantos anos perdidos na entrada, facendo de vulgar porteiro, vendo as caras da xente, escoitando pedaciños das súas vidas, anacos que se mesturaban, verdades e mentiras entrecortadas, talladas polo coitelo do tempo, polos instantes que tardaba a xente en consultar ao policía da por-

ta (xeralmente Amador Ribeiro) onde se sacaba o pasaporte para despois subir as escaleiras ata o piso superior. Despois as voces esmorecían, e outra vez outra faciana, outras palabras, outros alentos, nova xente que quería viaxar ao estranxeiro e por iso querían sacar o pasaporte. Daquela non había nin Unión Europea. Pero un día, despois de tantos anos na porta, Amador Ribeiro púxose a estudar para as oposicións de Inspector de Policía. Aínda era un home novo, entrara na Policía, na escala básica, no límite inferior da idade, case que non o deixaron presentarse ás probas pola xuventude. Aprobou o de inspector. Fora doado. Necesitaban xente e convocaran moitas prazas. Mudara moito o seu carácter co ascenso. Divorciouse daquela muller cuxo rostro, ás veces, se aclaraba para logo esmorecer no fume dos seus pensamentos, coma unha fotografía que se ve unha vez e logo se esquece. Despois deixouse dominar por pensamentos que nunca antes tivera ou, polo menos, non dese xeito tan directo; pensamentos que parecían vidas reais que se desenvolvían no seu interior, coma se dentro del habitasen máis persoas, como se o seu corpo fose un habitáculo onde máis dunha alma espallada acudira a refuxiarse. Se ben era certo que sempre foi un home pouco comprendido, a quen os compañeiros, os veciños, a xente, trataban do mesmo xeito que un estraño, con ese novo cargo, todo se acentuou, como se a súa vida se escribise de súpeto con trazos máis grosos, como se o que ditaba a existencia de Amador a un amanuense sentado e calado, berrase con máis forza, intensificase a súa creación.

—Bota, carallo, que non teño toda a noite —dixo o Bocoí de Salceda, saboreando o cigarro, xa canso de tanto gañar, pero

sen erguer a voz, como se alguén lle mutilase as cordas vocais.

Era o Bocoí de Salceda un home xigantesco e falto de proporción. De mans curtas e dedos graxentos e amarelos cheos de aneis, adoitaba a escarrancharse na mesa de xogo coma un rapaz aburrido. Non semellaba o típico xogador profesional. Máis ben parecía un tipo que daba tundas por encargo, un portugués deses a quen contratar se os encargados de pintar a casa non facían ben o traballo, ou se o fontaneiro decidía engadir algún cero de máis á factura. E algo diso había; mais no pasado, cando aínda era un ninguén nos baixos fondos da cidade. Medrara. Os seus ollos sempre tiñan unha cor vermella, coma pintados con rotulador. “Os triglicéridos”, dixera nunha ocasión. O inspector Amador Ribeiro sempre tentou trincalo. Fodelo ben. Facerllas pagar todas xuntas ao miserento. Pero era un home que sempre tiña ben cubertas as costas. Un home de aceiro, indestrutíbel; amigo doutros *madeiros* que querían ver morto a Amador. Era o Bocoí un ser ao cal o inspector nunca lle botaría a man, co que sempre levaría as de perder. Pero nin con esas Amador aprendía.

Amador, vendo que parte da súa vida estaba escachando con esa partida, pensaba que se tivese poder para iso, esnaquizaría os seus inimigos como quen creba unha noz para comer o que hai dentro, para descubrir arañas na casca, para tentar albiscar os mundos que o froito encerraba no seu interior. Inventaría novos xeitos de tortura. Se puidese, daríalle de comer aos cans o corpo mutilado do Bocoí de Salceda. Uns cans que tras unhas poucas dentadas morrerían como se comesen

veleno para os ratos, pois ese home debía estar tan podre por dentro como por fóra. Amador imaxinou un interior cheo de bichos, de vermes brancos coma as lombrigas do cu da xente; un interior de vísceras lamacentas e podres.

Polas persianas baixadas filtrábase un fio de luz da mañá, unha mañá que sería coma todas as desa época do ano: quente coma a auga fervendo do caldo, difusa por eses raios do sol que ferían os ollos dos que subían e baixaban as costas de Vigo. Tamén se escoitaban os berros indescifrábeis das gaivotas que andaban a se pelexar polo peixe podre dos bocois do porto. Amador creu recoñecer nos ruídos das gaivotas palabras coma as que a xente di, verbas pronunciadas por unha gorxa humana. As dúas figuras que se adiviñaban entre o fume do cuarto e que xa se ergueran da mesa de xogo (semellaban que estivesen paradas, conxeladas no tempo) colleron as súas chaquetas (por que levarían chaquetas, se as noites e os días eran iguais de quentes?), saudaron o Bocoí, e tamén o tipo vestido de negro, que era o que repartía as fichas para o xogo (un home que estaba sendo investigado pola policía por se beneficiar unha rapaciña de trece anos, iso xa o sabía o inspector Amador, e bo era sabelo, calquera información, ben usada, poderíalle salvar o pelexo), e marcharon coma espectros doentes que deixaban un ronsel de fume esmorecido alá por onde pasaban.

O Bocoí estaba xa farto de gañar. Sentía polo inspector Amador o que pode sentir un xigante por unha miñoca. Colleu as fichas, ergueuse como puido (demasiado tabaco, pesábanlle os pulmóns), facendo un barullo que fixo tremer o parque

de vella madeira comido pola carqueixa e, sen despedirse do inspector, fixo un aceno ao home de aspecto repulsivo que levaba o asunto das fichas. De súpeto abriu a porta e mergullouse na escuridade das escaleiras. Amador quedou só co home que organizaba as partidas, ese vello coñecido do que era mellor non fiarse.

—Unha mala noite, non si, Amador?

Amador pediulle lume. Comezou a tusir en canto lle deu as primeiras chupadas ao cigarro que sacara do peto. *Dunhill*. Sempre lle gustaban as cousas con clase. Fora unha noite longa. A ver se o fume o resucitaba facéndolle esquecer as últimas seis ou sete horas.

—Que vas facer agora, Amador? Como vas pagar a túa débeda? Xa sabes que o teu crédito está esgotado. Acabóuseche o xogo por moito tempo.

Amador mirou fixamente a Eduardito. Así lle chamaban e non lle facía moita graza. Os diminutivos teñen o efecto de ridiculizar os homes, empequenecelos, quitarlles masculinidade. Pero non era máis que un merdento organizador de *timbas* e que fodía en rapaciñas de trece anos. El puña as cartas, as fichas, o lugar (un piso deses vellos da zona do porto de Vigo, preto do Real Clube Náutico, enriba da Comisaría, que herdara da súa nai, unha muller á quen Amador lle axudara coas bolsas da compra cando era un rapaz, por un peso, por unha lambetada, por calquera cousa). Anotaba quen gañaba, quen perdía. Era máis nada, un contábel. Despois enviaba por correo as cartas aos debedores. Limitábase a iso. O que sucede-



ra despois era cousa do Bocoí e doutros coma el. Dicían que Eduardito antes non era así: traballaba nunha consignataria de buques, e dicían del que era moi bo no seu traballo. Non se metía con ninguén e sacaba o traballo sen problemas. Pero a empresa pechou por mala xestión do dono e tivo que facer de todo para sobrevivir. Traballou de camareiro en barras americanas. Tivo moita sona neses ambientes. Tanta que cando lle ofrecían un traballo máis respectábel, non aceptaba porque xa estaba afeito a un novo mundo. E todas as mozas que se botaba eran prostitutas. Non lle gustaban as mulleres normais porque non estaban o suficientemente “picadas”, dicía el. E ao final acabara contando os cartos nas *tímbas* e con raparigas de trece anos.

Amador había tempo que non xogara desa forma desaforada, sabendo que o ía perder todo. El xa xogara e perdera o seu apartamento en Ourense, no seu primeiro destino como inspector. Pero diso xa pasaran moitos anos. Foran cousas de cando aínda era novo. Moderárase co tempo. Pero esa noite volveu crebar o seu precario equilibrio, sen unha razón aparente, tan só como se unha chispa lle estoupara na cara, como se un arreguizo lle anubrase o xuízo.

Mirou a cara de Eduardito, áspera coma o cartón, sempre con esas pingas de suor a lle escorregar polo pescozo, esa mirada como de animal doente e repulsivo, eses dentes amarelos e picados.

—Non lle pagarei. Para iso son inspector da Policía Nacional  
—foron as derradeiras palabras de Amador antes de que a súa

figura caese no pesado baleiro das escaleiras do edificio, un lugar que nin sequera parecía acolledor para as pantasma.

Na rúa o sol das sete da mañá era coma unha bóla de aceiro derretida e moribunda. Ducias de rapaces bébedos abandonaban o casco vello para dirixirse ás súas casas. A festa xa rematara para todos. Xa no coche, Amador tentou peitearse os cabelos coa man axudándose do espello retrovisor. Evitaba mirarse directamente aos ollos pois tiña medo de non se recoñecer, de albiscar unha anomalía. Abriu a guanteira do coche e se alegrou ao se decatar que na súa petaca aínda quedaba algo de xenebra. Tras darlle un groló que case lle queimou a gorxa, acendeu o seu vello automóbil e comezou a vagar coma un tolo polas rúas. Ás veces, pisaba o acelerador ata o fondo, outras deixaba que o coche fluíse lentamente entre as avenidas da cidade, deténdose a inspeccionar os recunchos, ollando para as rapazas que bicaban nos bancos dos parques a mozos insignificantes.

Amador parou o coche preto das factorías Vulcano, non moi lonxe do seu apartamento, onde os xigantescos guindastres do porto parecían observalo todo sen comprender, coma mangallóns cegos e carentes de mente. Había pintadas a prol dos GRAPO e do Partido Comunista de España Reconstituído por todas as partes. De súpeto viu unha rapaza que camiñaba soa, de xeito inestábel. Mesmo caeu no chan para logo se erguer con dificultade. Amador sabía que desde a súa posición era invisíbel para a moza. Semellaba ter uns vinte anos. Tiña boas pernas, bo cu, e un rostro vulgar e desprovisito de atractivo no que se parecían adiviñar unhas bágoas.

A Amador pouco lle importaba esa rapaza, cal era a súa orixe, por que choraba. Así que ollou cara ao monte da Guía, tan estraño, con esa ermida da que ninguén coñecía o porqué da súa existencia e baixou a petrina. Pola súa mente desfilaban imaxes desaforadas, mil e unha vidas, algunhas vividas por el e outras como simples cachos escoitados, percibidos, ditos por outros pero que se incrustaran na súa mente. A rapaza xa non estaba. De boa se librara. Amador pensara en collela alí mesmo, obrígala a subir no coche e lle facer de todo. Pero estaba demasiado canso. Aínda así, a idea de que unha vez rematada a masturbación debía marchar para a súa casa, facía que unha fonda tristura se lle metese no corpo, algo así como unha sensación de que el era o único habitante da cidade, e que os outros non eran máis que alucinacións creadas por un esconxuro de deuses ignotos. Non, non podía marchar. Algún outro sitio para se refuxiar se lle ocorrería. Apenas suspirou cando o seme saíu e lle cubriu as mans. Colleu o pano que empregaba para limpar as manchas de graxa do coche e fregou nel as mans, ata que aparentemente non quedou ningún resto. Inmediatamente acendeu de novo o coche e subiu pola estrada de Teis cara á zona da Travesía de Vigo. Unha teima metéuselle na testa.

Amador nin se fixaba nos semáforos, conducía sen distinguir formas nin distancias, como se estivese cego dun ollo. De cando en cando, tentaba meterlle un grolo á petaca, pero estaba baleira. Aínda así, o feito de pousar os beizos no recipiente aliviábao un pouco, coma o heroinómano a quen lle falta a droga e se ten que contentar coa sensación da xiringa baleira na súa vea.

Por fin chegou ao seu destino. Aparcou o seu vello Citroën e baixou abaneándose. Na rúa tan só se vían algúns rapaces volvendo ás casas, presas de *ionquis* que os seguían e lles pedían cartos, e algúns operarios do Concello que baldeaban con mangueiras a rúa. Amador mergullouse nunhas galerías fondas en cuxa entrada había un letreiro que anunciaba: *Gimnasio Chang Do Kwan. Taekwondo. Defensa Personal*. No centro do letreiro, debuxado un puño pechado con forza. Amador avanzou entre unha escuridade mordente, e unha rapaza que tentaba abrir a porta asustouse ao se decatarse da figura inestábel de Amador que xurdía de súpeto, como procedente doutro mundo. Amador achegouse e díxolle á rapaza que el tamén vivía nese edificio. Mentres a rapaza abría a porta, Amador miroulle os seos. Parecía unha desas universitarias do CUVI, estudante de Económicas ou algo similar. A rapaza deixouno entrar con ela sen preguntar a que piso ía. Estaba estremecida co medo. No ascensor, Amador outra vez evitou que a súa mirada se topase consigo mesma no espello, e para iso tentou imaxinar a cara que poría a moza que subía con el se lle estivesen a quentar a cona cunha candeia ardente; esa idea sacáraa dun libro que lera sobre o que facían os Gardas Vermellos aos sospeitosos de revisionismo na Revolución Cultural na China. Xa cando as imaxes estaban a piques de lle provocar un colapso ou ben sabía Deus que, o ascensor freou, abriuse a porta, a moza botou a correr e desapareceu. Amador pensou se en realidade subira só, sen ningunha rapaza, e todo fora un delirio, un engano da mente e dos sentidos, pero non estaba tan tolo. Aínda co cheiro feminino e suxerinte da rapaza no nariz, Amador premeu o

botón do último piso, o oitavo, onde agardaba topar algo de descanso.

Unha vez chegou, acendeu outro pito, premeu o botón do timbre e, como case que non se podía manter en pé, sentou na alfombra. Como ninguén contestaba, comezou a bater cos puños na porta e, ao ver que o silencio o invadía todo, incrementou a forza dos golpes. De súpeto, veulle a idea á cabeza de que desde as demais portas o estarían a espreitar xentes de rostros atroces que o quererían eliminar. E por iso acariñou a súa pistola, que era como unha prolongación de aceiro do seu propio corpo. Mais seguiu a bater na madeira. Parecía como se soubese que alguén estaría dentro, que ese ser tras a porta non tiña escapatoria posíbel, aínda que se quixese refuxiar nun manto de silencio. Amador pensou outra vez que desde as outras vivendas desa mesma planta, seres dun só ollo estarían a espreitar polos asexadoiros, comunicándose entre eles, botando maldicións en linguas descoñecidas ao tipo que vían co seu único ollo. Amador arrastraba un cansazo inconmensurábel, doíalle a testa como se un anano lla estivese revolvendo desde dentro, e a sede desgarraba a súa gorxa como se estivese aloxada alí unha espada axitada por unhas mans fedorentas. Despois de varias arroutadas, a porta abriuse, e Amador empuxouna para entrar nese novo universo, pero algo o freou: estaba posta a cadea. Comezou a berrar como se a súa vida dependese de entrar nesa vivenda e, ao final, de tanto empurrar co corpo, a cadea rompeu e Amador caeu dentro da vivenda, batendo coa parede do recibidor. Cando se puxo en pé viu esa muller da que se dicían tantas cousas. Amador descoñecía se eran certas ou non. Tanto lle daba.

Mais esa muller, neses momentos, debía de estar ao seu servizo.

Amador coñecía moi ben esa casa. Estaba todo escuro, e non se podían distinguir ben as formas, os trazos desa nova realidade onde se mergullara. De todos os xeitos, sabía ben onde pisaba. Amador moveuse por ese labirinto como se anteriormente xa encontrara a resposta aos seus segredos pero tiveuse que volver, pois esquecera algo. Dirixiuse cara ao salón, onde deixou caer a súa fisionomía no sofá vello e de tecido gastado polo paso do tempo. Pediuulle á muller que lle servise unha copa. Ela mirouno cunha ollada lánguida e triste para desaparecer durante uns instantes. Nese tempo, o inspector pechou os ollos e agardou. Tentou baleirar a súa cabeza de imaxes, pero non foi capaz. Cando a muller volveu cun whisky con xeo mal preparado, Amador ergueuse e pousou os ollos nesa cara chea de ángulos, nese corpo esfameado e difuso. Amador considerábaa unha vella amiga que sempre estaría alí cando el a requirise. Tanto daba a súa ausencia de palabras. Segundo dicían xa non traballaba de puta. Amador pensou preguntarlle a que se dedicaba neses intres pero considerou que a cuestión non era procedente. O whisky barato sóubolle a gloria. A muller vestía una bata azul mal pechada, o que permitía que os ollos do inspector se metesen entre o escote, e a súa mirada se petrificase neses peitos pequenos que tantas veces lambera. Pero non estaba alí para ese tipo de cousas. Sabía o que a muller agochaba na casa, moitos dos seus segredos, e non fixo falta que tivera que abrir a súa boca para emitir unha orde.

A muller ergueuse e pouco despois apareceu cun cilindro de cristal (algo coma un pescozo de guitarra, un *bottleneck* para tocar o *blues*) e unha dose daquilo que parecía ser heroína. Amador acomodouse no sofá mentres a muller procedía a un ritual difuso. Despois a muller depositou a droga nunha bandexa pequena e inmediatamente comezou, cun chisqueiro, a queimar a substancia por debaixo. Amador aspirou o fume co cilindro. A muller desapareceu un anaco. Despois, cando volveu, preparou a súa dose e fixo como Amador, quen non efectuou ningún xesto: seguía a fumar co cilindro de cristal a súa parte. Cando a muller rematou a tarefa, Amador ergueuse e dirixiuse a unha habitación, a súa habitación, onde se deitou nunha cama desfeita, facendo que o somier se estremecera e emitira sons como de nenos morrendo afogados por mans asasinas.

(...)

O inspector Ribeiro pensou que espertara dentro dun soño. A textura da realidade semellaba traspasada por algo diabólico, asonante. Interrogouse outra volta se en realidade el seguía a ser el mesmo ou estaba sendo suplantado por outras personaxes. A luz semellaba algo inverosímil; sentía como se lle estivesen dando puñadas no cerebro, como se alguén que movese os fíos da súa existencia, o puxera nese decorado negro e indefiníbel, simplemente para observar as súas reaccións, como se fose un obxecto de estudo.

Apalpou na escuridade ateigada algo que parecían presenzas ata que conseguiu abrir a ventá, e unha lingua de lume aca-

ricioulle a cara. Era de noite. Non sabía canto tempo levaba sen consciencia. Debía de ser a madrugada do domingo. Na rúa, tan só dúas ou tres figuras espectrais desprazaban as súas sombras entre o silencio dunha cidade que parecía estar posuída por unha aparencia diferente, como se non fose a verdadeira, como se en realidade todo estivese filtrado pola aura dun pesadelo. Amador tiña a camisa pegada ao corpo pola suor. Saíu da habitación e, sen buscar a súa anfitroia, abriu a porta para se dirixir á rúa e formar parte dese decorado murcho que antes ollara desde a fiestra.